ESCRITORES EN LINGUA GALEGA: OPOÑENTES, ORGANICOS, MEDIATICOS

Margarita Ledo Andión
Universitat Autònoma de Barcelona

E certo que a poesía galega, nun dos seus esgos de contemporaneidade, está a luir con correntes universais sen mediación da castelá (Monteagudo, 1985) e que algunhas voces fálannos dun século de ouro.

E certo, como remacha Tarrío, que autores ben coñecidos do mundo editorial español "fan acenos por se acaroar á nosa cultura" e cítase a Torrente (reclamando galeguidade de orixe para os seus materiais), cítase a Valente (que ten escrito en galego), cítase a Lauro Olmo (que é traducido). Recén, podería citarse a Camilo José Cela que está a publicar nun galego esforzado as súas colaboracións en *La Voz de Galicia*.

E certo, asemade, que temos a sorte de pertenecermos a un sistema lingüístico, o galego-portugués, menos codificado que outros idiomas románicos, con grandes e maleabeis variantes nacionais, entre elas a nosa, dínos Vázquez Cuesta.

E certo, tal e como apontan os analistas universitarios (C.R. Fer), que o escritor galego xa non terá de ser de resistencia e que a súa obsesión é, agora, a linguaxe. Mais é certo, tamén, que endexamais se contradeciu o escritor galego opoñente, longa e límpida figura da nosa historia, coa avangarda; que dende o manifesto *Máis Alá* (Manuel Antonio/Alvaro Cebreiro) a *Fora as vosas suxas mans de Manuel Antonio* (Grupo Poético Rompente), os máis innovadores, os imprescindibeis, os que subvertiron o discurso da escrita, asumiron sempre a relación Cultura /Política como parte do real complexo que é sermos *escritores en lingua galega*. De Otero Pedrayo a Méndez Ferrín. Nen a resistencia tolleitou o compromiso do escritor coa escrita, nen a literatura coxuntural poderá apañarse como referencia dominante da literatura galega opoñente.

Porén, é certo que unha nova contradicción, nova e performática contradicción, anda a esfriaxar o corazón do escritor galego--entendido como grupo social--e teño para min que o seu comén é ese querer ataviarse de figurino-escritor, escritor para a representación; que é ese quererse moi profesional--mentres agacha que cómpre vivir

de aulas míseras e noitébregas--; que é querer pegar un chouto para o Pen-Club á marxe da súa historia propia ou ese sisar, acó e acolá, por entre formularios de sucedo para a literatura de quiosque.

Entendo que, con esta actitude, o escritor galego figurino soergue unha conspiración non só contra do modelo pre-existente que nos identifica e que nos diferencia (dende os héroes problemáticos oitocentistas da xeración de Carral ata a élite transformadora que se axuntou no *partido dos escritores*, no Partido Galeguista; dende a proto-conciencia anti-imperialista ata a chegada do marxismo co grupo *Brais Pinto*) se non que, asemade, esta actitude súa inmediata e utilitarista leva camiño de facer de el propio, escritor-figurino, un innecesario.

Porque hoxe, aínda hoxe, o millor da Literatura galega segue a ser o escritor de nación, o prototipo do escritor-organizador, o criador con intención comunicativa que se reagrupa no Clube Cultural Adiante--ao abeiro dunha Central Sindical--e artella ciclos sobor a análise dos Medos de Información en Galicia ou sobro da Revolución Francesa--e só o fai o escritor-organizador--, que denuncia o galego televisivo estandar na fixación do español, que defende o dereito á expresión colectiva porque tamén é parte da condición galega do escritor. Abondaría, para non esquecer tan axiña, a biografía múltiple de Celso Emilio Ferreiro, agora que se cumplen dez anos do seu pasamento, agora que queren facernolo memorizar como artista comprometido e non como escritor-organizador.

Da criación do estereotipo, do combate ao estereotipo

Fálasenos atreu das novas condicións nas que se asenta a criación cultural en Galicia, de síntomas como o espallamento do galego nos Medios de Comunicación Institucionais ou do galego no ensino; fálasenos de estabilidade editorial; fálasenos de novos soportes para o deseño de industrias culturais ou sexa, do Video. Pero a carón destes síntomas, que apreciamos, eu repararía en certas constantes en puxa: a baixa no uso do galego na prensa escrita e mais a especialización editorial en literatura xuvenil nun contexto no que sobrancean elementos como os que a seguido enumeraremos.

--Paso da asimilación da imaxe de escritor igual a bombona de esprai na man para un perfil desdibuxado, escritor sen territorio, sen fonfo, sen universo cultural ho histórico concreto.

--Tendencia ao dominio dos códigos multinacionais--moi formali-

zados--que impoñen as organizacións informativas centrais e a consentirmos un papel de literato de consumo--conductista e autoritario--para o escolar ou o trunfo da Telenovela como organizadora do tempo cotián e se marxinalizan os eidos das novas expresións.

--Pasividade na iniciativa difusora da criación escrita, como se a Literatura rematara nas redes tradicionais, coutando as súas implicacións certas en calisquera Medio e soporte de expresión, coutando a súa intervención na producción simbólica, na común referencia cultural.

Un grupo de colegas xornalistas preguntábanlle, impostando o rexistro, ao director dunha editora: ¿A vostede gústalle a Literatura galega?

E o interrogado respostou: A min non me gusta a Literatura galega, a min o que me gusta é a Literatura europea, por exemplo Méndez Ferrín.

Obviamente, esta *boutade* de Luis Mariño como Director de Xerais non encaixaba na programación de resposta que predeterminan os Media. E non pasou.

Para a prensa a literatura galega é un tema rutinario ao que se recorre por calendario, é un tema que se enmarca como *fait-divers* nas súas fórmulas de producción. Nen o xogo, nen o non-senso tan do noso imaxinaro mitolóxico desordeado, nen o máis tribal tique comunicativo se poderá consentir como referente para a criación cultural en Galicia cando se fai a traveso da escrita e se transmite no soporte Mass Media-forma de institución social: ¡Qué traballo poñérmonos, agora, a amosar fendeduras no clixé "literatura galega ou vaca do país, raza rubia afectada de crónica tuberculose que tanto exotismo supón tertenpé"!

¿Con cal das duas actitudes se identifica a sí o escritor galego hoxe? ¿Consinte a imaxe neo-provinciá que fornecen del os Media ou aposta nun seu retrato de contemporaneidade?

¿Cómo gusta de sí o escritor galego?

Porque terá de escoller entre a imaxe "premio fin de curso" e ese breve de dez liñas no que se advirte que na vila número mil do país as forzas locais précianse dun seu concurso ou entre a imaxe cunqueirá, de creador-creedor que fai a súa entrada na Real Academia Galega cunha tipoloxía de ananos gardatesouros e que se redime no seu último texto disfuncional: *Gracias por nacer nesta nación, Galicia...* Cunqueiro que lle resposta a García-Bodaño, como acuse de recibo da concesión do premio Pedrón de Ouro: Salvador, estádesme prepa-

rando un enterro de muito carallo.

Porque se o millor dun país son as cousas que axudan a definilo na historia, os criadores galegos contribuiron, dende o albor da conciencia de necesidade do nacionalismo, na definición de Galicia na historia. E contribuiron singularmente no século XX: *Irmandades da Fala*, xérmolo da primeira organización político cultural; *Seminario de Estudos Galegos* ou a solidaridade criativa do pensamento científico e artístico, da técnica, a expresión e a transformación social; anos sesenta, renovación ideolóxica, iniciativas orgánicas, vangardas pictóricas e literarias.

¿Por qué razón, hoxe, nesta modernización tecnolóxica, na programación dos Medios de Comunicación en Galicia non ten espacio nen se usa como material informativo, nos diversos soportes de transmisión, o discurso da criación escrita?

¿Qué interés en seguir insistindo na figura dun escritor galego, peza arqueolóxica ou marxinal, desaxeitado para os novos imperativos, arrastrando un sobexo de "literaturidade" que o fai insoportabel?

Axiña ímonos topar cun dos mecanismos característicos da guerra sicolóxica: a transferencia de culpa e a aplicación da lei do enemigo único, a parte polo todo. Culpabel. De non marchar cos tempos. Culpabel. De pouco estabel (desestabilizador). De falla de performatividade (ineficaz). Culpabel, pois, de que caia sobor del o silencio, o ocultamento. Agás para os que se queiran limpos. E para os limpos configuraráse un ghetto.

Tallo en seco e devalo para a ritualización doméstica do bon escritor. Denantes para os Media a imaxe de escritor galego era literal imaxe de delincuente. Imaxe escura, foto-atestado. Ou de pobre de solemnidade, inmolándose vocacionalmente á marxe. Pobres de solemnidade-becados vitalicios da Fundació Barrié, Blanco-Amor, Anxel Fole, con 25.000 pesetas de pensión. Imaxe que de súpeto recíclase, dende as organizacións informativas, en imaxe post-mortem (post-murder) e conmemorativa, imaxe benzoada no alibí anisado do ano rosaliá (1986) e nos recordatorios de cabodano (agora Celso Emilio) para preencher (usurpar) o silencio sobre o escritor figura de contemporaneidade. Porque este escritor segue a amolar. A maior abondamento, o escritor galego mesmo desaparécese da crítica profesoral, e a crítica profesoral esvae dos xornais e será sustituida por asinaturas espontáneas e gratuitas que se conforman como un novo comisariado para quen o escritor galego é, per se, pouco divertido porque non acerta co xénero policial.

Da ocultación do escritor á neutralización do galego

A carón e en conxunción co deterioro medido do suxeito Escritor/Escritora Galega nos Media coinciden aqués aspectos que teñen que ver coa producción informativa, co arquetipo dun novo lector que os Medios e as Editoras procuran, coa ausencia do escritor do ámeto de definición das industrias culturais e, sinal maior de alerta, co descenso programado do uso do idioma na prensa máis poderosa.

Punto central, punto cero, na producción de información éo a inexistencia da rúbrica *Cultura* no corpo informativo xeral dos Medios de incidencia ampla e nacional, inexistencia que xustificará a total ignorancia encol do Xornalismo cultural e desactivar as posibilidades de profesionais especializados na recolla e tratamento polivalente da Cultura como información. Cultura é o ghetto dos suplementos, da axenda, dos comentaristas que non forman parte das Redaccións, dos fanatismos de balde. Cultura é un coitado escritor no paripé de pregoeiro de festas.

Punto central éo a dilación no artellamento do galego periodístico, sustituido por ese passe-par-tout do estandar, porque traballar a prol do galego periodístico comportaría, de seu a práctica do galego nos Medios, a activación dunha linguaxe acaída para os diferentes tratamentos e xéneros que a información comporta non so dacordo coa temática puntual se non, e singularmente, cos segmentos de audiencia e co contexto xeral de recepción.

Por outra banda, na configuración dun novo lector-tipo vemos a preocupación das organizacións informativas por se achegar ao lector-receptor xoven (entre os 15 e os 25 anos) frente ao que veu falindo por sobexo de institucionalidade, pola fragmentación da oferta que lle é dirixida en rúbricas-ghetto cunha retórica que non fai parte da súa representación da realidade, porque é un sector que non se adire a un xornal, porque este xoven, entre 15 e 25 anos, lé comix, aprecia o sensibel (cinema forte), resposta a estimulos audiovisuais, sector xoven que queren penetrar ao unísono prensa e editoriais, programando estas obra xuvenil de aventuras, entendendo o escritor de urxencia que literatura xuvenil quererá dicir lectura seriada.

E asi, as opcións criativas vense condicionadas cara a linealidade e para a reproducción de clixés externos, collidos como recetario que combina elementos rituais mais que como préstamos, mais que como material de referencia ou como proposta. Ao mesmo tempo, e porque as contradiccións son mais ricaces que a xustaposición de elementos

isolados, este suposto meirande coñecemento da escrita literaria por parte dos mozos que teñen, por primeira vegada, mestres de galego, non se traduz, como información cultural ampla, nos Media. Porque os Media queren atraer ao lector xoven a traveso do espectáculo e porque os Media escritos, en Galicia, teñen unha política editorial a prol do español agás un periódico semanal, *A Nosa Terra*, que eu propia fundei e dirixín dende o 1977 ao 1980 en Compostela, e que agora continua a se editar en Vigo. *A Nosa Terra* e militantemente unilingüísta.

Na sua vertente de forma de Institución Social, os Medios de Comunicación son un dos ámetos nos que o idioma é indicador preciso das prosicións verbo do territorio no que se inseren como productos comerciais. A traveso, pois, da decisión sobre o uso do galego localízanse intereses ideolóxico-editoriais con maior ou menor degrau de concreción e os estigmas empresariais a prol ou en contra do proceso de galeguización que, porén, todos reclaman. Forman parte, xa que logo, os diarios, da aparellaxe legal-institucional que poderá potenciar ou neutralizar (segmentandoo) a normalidade idiomática, a extensión do galego a calisquera forma, nivel, espacio ou audiencia.

Porque se ben nunha primeira fase de espallamento o galego meteuse na prensa dende o movemento social e político e á marxe das decisións das editoras de xornais, a partires dos anos oitenta, finalizada a transición política, estabilizada a fórmula estatal bipartidaria como modelo a apoiar por parte dos Medios de Comunicación dominantes, os editores delimitan o campo do galego, os diarios definen a súa posición no concreto histórico, *La Voz de Galicia* anúnciase como xornal que informa de Galicia en español.

Retrotraéndonos a primeira fase da transición política, igoal que Francisco Pillado, ex-director de *LVG* desaparecido recén e vítima política de Vitoria Armesto-Augusto Assia, non pedíu permiso para informar das folgas do 72 chamándolle carga policial ao que era carga policial--mentres en outros pontos do Estado andábase aínda co eufemismo de "actuación expeditiva de la fuerza pública"--, igoal que *A Nosa Terra*, no 77, non pedíu permiso para rubricar a información de Galicia como *Nacional* e a foránea como *Estado* e *Mundo*, tampouco o movemento social e político lle pedíu permiso aos diarios de Galicia para se expresar en galego, para informar en galego, para escreber as súas notas de prensa en galego, dándolle coerencia á unidade opinión-acción e ganando ámetos negados para o uso do idioma.

De xeito fragmentario, ocasionalmente, xa comezarn as Asociacións Culturais de todo o país a se introducir nas páxinas especiais dos domingos e as tradicionais asinaturas de galeguistas e de escritores opoñentes aproveitaban calquera efeméride para chuchar dun espacio na prensa e a prensa deixabaos chuchar. Foi así como a *AC O Galo*, de Compostela, coordinou *As Covas do Rei Cintolo*, as páxinas culturais e dominicais de *El Ideal Gallego* de A Coruña ou como Luis Seoane, o grande artista-organizador, dibuxaba e retrataba personaxes en *Los Domingos de La Voz*. Citanse, só, os diarios coruñeses por razóns que a seguida veremos. Cómpre se lembrar, pois, de que as primixeniàs páxinas culturais, ata os oitenta, encubriron ou acolleron opinión política, foron espacio de contestación, aunaron e permitiron a expresión de forzas ascendentes.

Ata que as augas foron reconducidas.

A pasaxe do uso da lingua galega dende os colaboradores opoñentes para un seu uso nacional, para o uso nas noticias, foi un dos mais significativos pasos de cualidade que coxunturalmente se manifestou na prensa en Galicia e este uso veu, cómo avantamos, dende os comunicados, dende as rodas informativas, dende a figura colectiva do "abaixo firmante" que denuncia, que apoia, que se expresa e que contou como unha parte súa moi importante, cos escritores en lingua galega. A traveso desta práctica, que nunha primeira fase os diarios nen coutaban nen manipulaban idiomáticamente mantendo o galego para o que entraba nas Redaccións en galego, veu para os Medios unha temática nova, ampláronse as fontes noticiosas, soergueuse o contraste de dados e de opinións e chegouse, mesmo, a acadar unha inversión da relación cuantitativa entre espacios de colaboración/ espacios con noticias en galego, fito puntual dentro da batalla pola normalización lingüística que marcou a acción da nosa escrita.

Pasados os primeiros e inestabeis anos, os editores máis homologabeis coa situación que se perfila deciden se posicionar frente ao idioma: o seu uso desce, o seu ámeto recondúcese para o da responsabilidade individual, pero xa non do escritor opoñente se non para o articulista orgánico e achegado cando non para o mais nidio exotismo, a temática tendencial para o galego retorna ao ghetto cultural, agora a-nacional, e, obviamente, esgo folclórico, usaráse para a política autonómica, para a cativa política.

A niveis específicos da presencia do galego na prensa é A Coruña a zona de menor utilización tendencial do galego nos xornais poisque

nas duas cabeceiras que se editan na cidade (*LVG, EIG*) ven baixando o seu uso, e este dato gaña en importancia para a análise porque é xusto o contrario do resto da prensa diaria en Galicia--pero o resto da prensa e local--agás no *Diario de Pontevedra*, inhomologabel, co seu recanto do 1 por cento para o galego, nomeadamente na rúbrica de Relixión.

Na década derradeira, 1977-1987, para *La Voz de Galicia* o galego pasa de representar o 4,6 por cento ao 3,5 e mantense, singularmente, como lingua dos seus viñetistas fixos Siro e Xaquin Marín. Asimesmo, e na mesma cidade, *El Ideal Gallego* baixa do 3 ao 2,4 por cento.

Proporcionalmente, é *Faro de Vigo* o diario onde se dará a suba máis notoria, pasando do 1,7 por cento ao 4,4. O devandito incremento dáse tanto no apartado noticioso como no de Opinión, o máis plural e representativo da prensa en Galicia. Recén, deuse tamén unha importante suba en *El Correo Gallego*, de Compostela, que pasou do 3,2 ao 6,1 e que editou, co gallo do Dia das Letras Galegas, este 17 de Maio, o primeiro diario de información xeral totalmente en galego. Significativa, tamén, a puxa do uso do idioma en *El Progreso*, de Lugo, do 2,1 por cento ao 4,8 e en menor volumen, pero tamén tendencialmente en alza, *La Región*, en Ourense, pasou dun 3,8 a un 4,7 por cento.

Para unha recapitulación

Os comportamentos do suxeito transindividual *escritores en lingua galega* como todo comportamento é significativo de cómo entendeu, cedo, un seu papel de avangarda criativa e política, ata chegar a se constituir, como dixemos, en Partido. Eran os tempos da II República, o escritor pasaba da Literatura, como territorio de intervención, para o Xornalismo e esta é unha das súas marcas de modernidade. A devandita práctica, como modelo de acción e de mudanza nas formas de criación, informou após aos intelectuais e escritores opoñentes, no exilio e no interior, que tenderon a se axuntar, a soerguer os seus medios propios de expresión, a se inter-conectar.

Ao falarmos de inter-conexión entre opoñentes de dentro e de fora, falamos das revistas de grupo, verdadeiros organizadores colectivos. Teríamos así que collendoas como referencia, entre as publicacións que estabeleceron a súa propia fórmula á marxe das fórmulas dominantes e para contidos de intervención, habería que citar a revista *Vieiros*, editada en México por un grupo de Petrucios--eís como se apresentaban eles propios--e dirixida por Lois Soto (ex-militante do

PCE/fundador da UPG), polo cineasta Carlos Velo (UPG) e polo escritor e galeguista Florencio Delgado Gurriarán. Andando os anos, nos oitenta, sentiráse outravolta a carencia dunha publicación de grupo e durante uns cantos anos, do 1983 ao 1986, a Asociación de Escritores en Lingua Galega editará a revista *Escrita*, segundo un proxecto periodístico e formal elaborado por min mesma. *Vieiros*, nos sesenta, e após *Escrita*, nos oitenta, reasumiran as propostas de solidaridade criativa do SEG (Seminario de Estudos Galegos) que iniciara a súa andadura no 1923 e que terá que interromper os seus traballos a partires do 1936--extremo que non aconteceu co Institut d'Estudis Catalans nen coa Sociedad de Estudios Vascos--porque a reacción e o feixismo identifican ao Seminario cun centro de axitación nacionalista que cómpre liquidar, e por iso os seus membros máis significados son asesiñados mentres unha longa restra sae cara o exilio alén mar (v. *ANT*, núm. 389, 1 de xuño de 1989, "Renace o Seminário de Estudos Galegos").

Foron eles, os galeguistas do primeiro tercio do século quen pasaron do ámeto estrictamente literario ao político/cultural como posición de grupo e entre eles, tamén, os criadores plásticos e da imaxe: de Camilo Díaz a Carlos Maside.

Chegaron, asi, os anos sesenta cunha memoria única e preciosa e con contactos que aunaban expriencia e concencia, acción política e criación cultural, decisión transformadora, uso das propias forzas, dos "medios a bordo" segundo as para min tan queridas posicións do Constructivismo, senso de interdisciplinaridade e boa Literatura. Axiña pasaráse do "Partido dos Escritores" aos escritores de Partido. Porque son eles quen se reunen e crean, entre outras muitas cousas, unha organización, a UPG, a Unión do Pobo Galego: Celso Emilio Ferreiro, Reimundo Patiño, Méndez Ferrín, escritores e plásticos, nomes públicos dunha opción que terá de entrar en litixio coas posicións culturalistas--grupo Galaxia--preocupadas polo prestixio da lingua e pola nación reducida a diferencia arqueolóxica. O pensador orgánico dos culturalistas, o Dr. Domingo García Sabell--na actualidade delegado do Goberno en Galicia e, asemade, presidente da Real Academia Galega--teima nos seus textos nas citas exóticas, nuns textos "nos que o referente nacional non existe ou está escasamente presente e nos que abondan pontos de apoio bibliográfico en lingua alemán que pra confusión dos leitores, non se centran nunha escola determinada de pensamento e aletexan, ornamentais, como un simple e repetido signo cuxo significado é apenas: o idioma galego é un

idioma de Cultura; o escritor galego é tan culto como o escritor Europeo..." (Ferrín, 80).

Os renovadores, os escritores materialistas, combaten o culturalismo e combaten a Academia. Presentan batalla polo idioma como símbolo nacional e como obxectivo programático. Espállanse a traveso das Asociacións Culturais e dos circos de encubrimento. Póñense a escreber para facelo en idioma galego. Inauguran a nova narrativa. Artellan pequenas editoras que litixian cos censores locais. Van a cadea e van, outravolta, ao exilio.

Para escreber en galego, esta decisión, unirá na historia próxima de Galicia a reivindicación do idioma e a construcción dos millores productos culturais, productos entroncados na poética contemporánea e no idearium de subversión. Por iso, aínda que no 1963 o grupo Galaxia instaurara o *Día das Letras Galegas*, con acerto, lembrando os cen anos da edición de *Follas Novas* de Rosalía de Castro--A Santiña, nesa súa haxiografía--, o Dia das Letras Galegas axiña mudará de contidos e ao seu redor os escritores orgánicos desenvolven unha espíral que abrangue toda a criación cultural, dende a investigación á función dos Media, dende a batalla pola superación da situación diglósica á práctica da normalización lingüística, un dos sucedos, de seu, da referida fase.

Poida, como dixemos ao comén, que ese especimen novo e figurino de escritor *light*, sen zucres, veña tronzar a liña crara que nos deseñou como escritores galegos. Poida que a prexuicio de orixe deveña soberbia de concurso TV. Pero endexamais se entenderá esa peza perfecta do opoñente cultural en Galicia sen a do escritor orgánico. E ambalasdúas souberon definir oa Medios que necesitaban para se expresar no entorno, para modelar a imaxe que querían fornecer de sí e dos seus obxectivos de transformación. Por iso somos, asemade, escritores mediáticos.

REFERENCIAS NO TEXTO

Henrique Monteagudo. "Dez anos de poesía galega". *Grial*, revista galega de cultura 89 (xulio-agosto-set. 1985).

Anxo Tarrío. "Dez anos de narrativa". *Grial*, revista galega de cultura 89 (xulio-agosto-set. 1985).

Xosé Luis Méndez Ferrín. "De escritores galegos". Ponencia ao I Congreso de escritores galegos. Poio-Pontevedra (maio 1981).

Pilar Vázquez Cuesta. "O perigoso canto da serea". Ponencia ao II Congreso de escritores galegos. Lugo (abril 1989).